



Concello do Grove

PUBLICACIÓN

Poño en coñecemento que a Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o **12 de novembro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

“Dáse conta do seguinte informe xurídico co seguinte teor literal:

“INFORME JURÍDICO:

ASUNTO: CRITERIOS DE APLICACIÓN AL SUELO RÚSTICO.
EXPTE: 2097/2018.

Consideraciones Jurídicas:

PRIMERA.- Se emite informe justificativo en relación con la aplicación de la LSG al suelo clasificado como rústico en el término municipal de O Grove a la vista de la Disposición Transitoria 1ª de esta ley.

Aparte de los razonamientos vertidos es pertinente recordar los principios interpretativos recogidos en el derecho común, concretamente en el art.3 del CC y atender al espíritu del legislador trasladado a la exposición de motivos así como la interpretación integradora que aboga la ley, art.6, en caso de conflicto de normas del mismo rango normativo, supuesto que además no se da en nuestro caso ya que confrontamos normativa de diferente rango normativo, reglamento frente a ley, lo que nos traslada asimismo a los principios de jerarquía normativa y temporalidad para afirmar sin ningún tipo de dudas que las condiciones edificatorias y en aquello que haya conflicto de normas tendrá primacía lo dispuesto en la LSG para el suelo rústico frente a lo previsto en el Decreto 208/2002.

SEGUNDO.- Hay que asentar dichos criterios en alguna figura jurídica de carácter vinculante que pueda tener efectos jurídicos frente a terceros y no cabe más que afirmar a la vista del artículo 6 de la Ley 40/2015 de 1 de octubre que estamos ante una instrucción que debe aprobarse por la JGL y además dados los destinatarios y efectos que deriven deberá publicarse en la Sede Electrónicas del Ayuntamiento de O Grove y en su Tablón de Anuncios para general conocimiento conforme dispone el artículo citado y el art. 7 de la Ley 19/2013 de 9 de diciembre.

“CRITERIOS SOBRE NORMATIVA DE APLICACIÓN NO SOLO RÚSTICO



Concello do Grove

Solicítase pola oficina técnica municipal o establecemento de criterios interpretativos sobre a determinación da normativa de aplicación no solo rústico, trala entrada en vigor da Lei 2/2016.

O Concello do Grove conta cunhas NNSS de Planeamento Municipal aprobadas definitivamente o 25 de abril de 1996 (BOP 16.08.96 e DOG 3.09.06) cuxa vixencia foi suspendida polo Decreto 208/2002 da Consellería, que insire unha ordenación provisional que, na súa meirande parte, mantén a vixencia das NNSS de Planeamento, coas modificacións e puntualizacións que na mesma se sinalan.

A Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, que establece o réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado a ela, distingue aqueles concellos que posúen planeamento xeral adaptado á LOUG 9/2002 de aqueles outros que contan con figuras de planeamento anteriores e non adaptadas á LOUG, como é o caso do Grove. Esta disposición detalla, para cada clase de solo, cómo se aplican as previsións da nova lei en relación coas determinacións do planeamento.

Agora ben, a problemática interpretativa xurde porque no apartado 3 da mesma Disposición Transitoria Primeira sinálase: “3. *Los decretos autonómicos de suspensión del plan que fueron dictados antes de la entrada en vigor de la presente ley mantendrán su eficacia, como norma de derecho transitorio, hasta la fecha de entrada en vigor del correspondiente plan general de ordenación municipal*”.

E da lectura da dita Disposición derívase a dúbida que amosa a oficina técnica de si, en concreto no solo rústico, as previsións do Decreto 208/2002 prevalecen sobre as da Lei 2/2016.

Prantexada así a cuestión, a resposta non pode ser máis que no solo rústico deben aplicarse en todo caso as previsións da Lei 2/2016, por varias razón. A primeira, é que da lectura da Exposición de Motivos da Lei, e do tenor da Disposición Transitoria Primeira tírase sen dúbida ningunha a idea de que o que pretende o lexislador é que no solo rústico se aplique sempre e en todo caso as previsións da nova lei.

Como ante se indicou, o Decreto 208/02 mantén na súa meirande parte a vixencia das NNSS, unicamente matizando e puntualizando determinadas previsións, pero no substancial conforma, conxuntamente coas NNSS, un bloque normativo que é o contén as determinacións do planeamento municipal.

E neste senso, parece evidente que cando a Disposición Transitoria Primeira apdo. 2 sinala establece as previsións de dereito transitorio para os municipios con planeamento non adaptado se está a referir tamén a aqueles que, como o caso do Grove, posúen un planeamento xeral parcialmente deixado en suspenso por un Decreto autonómico, e polo tanto ao bloque normativo conformado por ambas normas (NNSS e Decreto).



Concello do Grove

Existe, ademais, un segundo motivo: a Lei 2/2010, que permanece formalmente en vigor --agás no que se opoña á Lei 2/2016-- por non ter sido derogada pola Disposición Derrogatoria da Lei 2/2016, establece na súa Disposición Transitoria Segunda que os Decretos autonómicos de suspensión do planeamento permanecen en vigor, cunha serie de especificacións, entre as que se inclúen que no solo clasificado como non urbanizable nos instrumentos de planeamento non adaptados á Lei 9/2002, aplícanse as determinacións establecidas na lei para o solo rústico.

Pois ben, as previsións establecidas na Lei para o solo rústico foron substituídas polas da Lei 2/2016, polo que tamén por esta vía se achega á plena aplicabilidade, ao solo non urbanizable das NNSS de Planeamento, das previsións establecidas para o solo rústico na Lei 2/2016.

Polo tanto, en conclusión, ao solo clasificado como non urbanizable nas NNSS se lle deben aplicar as previsións establecidas para o solo rústico na Lei 2/2016, sen consideración ás maiores limitacións que podan ter sido establecidas no Decreto 208/2002.”

Es por lo que se informa favorablemente dichos criterios de interpretación para su elevación a la JGL para su aprobación y posterior difusión mediante información activa.

*El Secretario
Francisco Javier Novoa Juiz”*

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1. Aprobar os citados criterios sobre a normativa de aplicación no solo rústico.**
- 2. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados.**
- 3. Darlle publicidade na sede electrónica do Concello Grove así como na páxina web oficial.”**

O Grove, data e sinatura dixital
O secretario

Francisco Javier Novoa Juiz